

NOTA
AGROBIODIVERSITY SUMMER SCHOOL 2022

Data: Do 1 ao 10 de setembro de 2022

Título: Agrobiodiversity Summer School en Santiago de Compostela e Ribadeo

Lugar: Santiago de Compostela: CISPAC (Edificio Fontán, Cidade da Cultura). Ribadeo: Escola de Capacitación Agraria Pedro Murias



**Agrobiodiversity and the transition to
agroecological food systems**

31st of August – 10th of September 2022

In Galicia, Spain

A **Agrobiodiversity Summer School** é unha colaboración entre o grupo de investigación ZHAW Geography of Food, o Swiss Research Institute of Organic Agriculture (FiBL), a Universidade de Santiago de Compostela, a través do grupo de investigación HISTAGRA, o CISPAC e institutos de investigación de Eslovenia e Hungría, nos que terá lugar o curso os próximos anos.

A través desta Escola Internacional de Verán atenderanse ás diferentes perspectivas ao redor da agrobiodiversidade e a súa contribución á sustentabilidade e á resiliencia dos sistemas alimentarios. En pequenos grupos de estudantes e grazas a expertos internacionais e produtores agroecólogos, as persoas participantes no curso terán a oportunidade de investigar en profundidade os retos e desafíos dos sistemas de produción locais existentes e como a cadea alimentaria está conectada coa agrobiodiversidade.

Esta actividade conta coa presenza dos profesores Lourenzo Fernández Prieto, Stefania Barca, Emilio Carral e David Soto Fernández (USC-CISPAC), Manuel González de Molina e Gloria Guzmán (Univ. Pablo de Olavide), Xavier Simón Fernández (UdV-CISPAC), Anna Geiser e Roman Grüter (ZHAW) e Bernardette Oehen, Mirjam Schleiffer e Moritz Egger (FiBL).

Están matriculados 27 alumnas/os de España, Suíza, Alemaña, Francia, Eslovenia, Hungría, Austria, Portugal, Italia, Brasil e India.

As actividades teóricas realizaranse no CISPAC (<http://cispac.gal/>) e na escola de Capacitación Agraria Pedro Murias de Ribadeo. As visitas a casos prácticos, sobre os que os alumnos terán que traballar son a explotacións de Laíño (Dodro), Montes de Baroña (Porto do Son), Arquixal (Palas de Rei), El Cabillón (Tapia de Casariego), As Fadegas (Ribadeo), Ostras del Eo (Castropol) e Fabas de Lourenzá (Lourenzá).

Máis Información:

<https://histagra.usc.es/gl/novas/876/agrobiodiversity-summer-school-2022-se-celebra-en-septiembre-en-galicia>

<https://www.zhaw.ch/de/lisfm/institute-zentren/iunr/environmental-and-agrofood-systems/geography-of-food/agrobiodiversity-summer-school/>



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

